



Seaia - Malpica de Bergantiños, 1983-01

Informante: Genara (51)

Compiladora: Dorothé Schubarth

Transcripción: Dorothé Schubarth e Antón Santamarina

183

♩ : 100

Seaia, *Malpica*. Xaneiro 1983.



"E despois déronlle unha volta" (á música) [intercalado despois das estrofas 5 e 9]

♩ : 126



Ponteceso VII,2,297. Genera 51.

L: 34.

*Transcripción orixinal de Dorothé Schubarth publicada no Cancioneiro Popular Galego, recollido por Dorothé Schubarth e Antón Santamarina, editado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, no 1984.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

No alto do Rapadoiro
un ghran suceso pasou
día do noso patrón
un pernil que se roubou.

Estaba a mesa preparada
con pernil chulas e viño
un roscón de pan de ghuevo
o coñá hai que pedí-lo.

Tämén dixeron qu'había
jerez coñá e cerveza
per'alí non demostraron
cousa de tanta ghrandeza.

[Pituco comí' as chulas
porque lle sabían moito
Delores tiña as gardadas
pra Don Antonio do Porto.]

Pituco a mái-la muller
andan cheos de catarro
Pituco tén un narís
com'a chavella do carro.

Camilo con ghaseosas
e o xastre con escobas
Ramón con facos e burros
e Modesto con metoras.

Carpinteiro muiñeiro
tämén a bolichería
isprimentand'os neghosios
dos que outro non quería.

Xa quixemos alquilar
o carro do Preghiceiro
iba repartir boliches
do Ventorrill' ó Curceiro.

O home ben s'arreglaba
se tuvera ben diñeiro
esos boliches non dan
vaise meter zarralleiro.

Roubar non vimos roubar
que todos vimos pedir
qu'os que non temos neghocio
d'algo temos que vivir.